# PLA TA FOR MA

Festival de artes performativas

plataforma.gal

**gal.**

*Plataforma* é un proxecto que baixo o fío da performatividade quere tender pontes entre as artes visuais e as artes vivas, a música, a arquitectura e o deseño. É un festival de cidade, transversal, comprometido co urbanismo e a riqueza patrimonial de Compostela, coa súa diversidade, coa igualdade, coa tradición e coa innovación cultural, preocupado pola sustentabilidade e por proxectar o talento local.

Dirixido por Performa S. Coop. Galega, o festival *Plataforma* naceu coa intención de traballar en rede e complicidade co maior número de axentes, institucións e espazos posibles dunha cidade referente cultural como Santiago de Compostela. Neste sentido, é un festival ideal para este momento que ten que ser de reactivación cultural, pola súa transversalidade e a descentralización das súas localizacións, pola súa escala, pola súa programación pensada para espazos singulares e pola posibilidade de seguir con facilidade os debidos protocolos de seguranza para a saúde nas súas accións e propostas.

Nesa liña, unha das singularidades do festival é a programación de varias exposicións coas que se relacionan directamente algunhas das *performances* programadas, como a de Pilar Albarracín no CGAC ou a de Carlos Garaicoa na Fundación DIDAC. Tamén é de sinalar a implicación do festival con aquelas iniciativas que, polo seu carácter experimental e híbrido, habitualmente non teñen espazo nas programacións museísticas ou nas programacións estables de ámbito cultural.

**cast.**

*Plataforma* es un proyecto que bajo el hilo de la performatividad quiere tender puentes entre las artes visuales y las artes vivas, la música, la arquitectura y el diseño. Es un festival de ciudad, transversal, comprometido con el urbanismo y la riqueza patrimonial de Compostela, con su diversidad, con la igualdad, con la tradición y con la innovación cultural, preocupado por la sostenibilidad y por proyectar el talento local.

Dirigido por Performa S. Coop. Gallega, el festival *Plataforma* nació con la intención de trabajar en red y complicidad con el mayor número de agentes, instituciones y espacios posibles de una ciudad referente cultural como Santiago de Compostela. En este sentido, es un festival ideal para este momento que tiene que ser de reactivación cultural, por su transversalidad y la descentralización de sus localizaciones, por su escala, por su programación pensada para espacios singulares y por la posibilidad de seguir con facilidad los debidos protocolos de seguridad para la salud en sus acciones y propuestas.

En esa línea, una de las singularidades del festival es la programación de varias exposiciones con las que se relacionan directamente algunas de las *performances* programadas, como la de Pilar Albarracín en el CGAC o la de Carlos Garaicoa en la Fundación DIDAC. También es de señalar la implicación del festival con aquellas iniciativas que, por su carácter experimental e híbrido, habitualmente no tienen espacio en las programaciones museísticas o en las programaciones estables de ámbito cultural.

PLA

**gal.**

Por outra parte, o festival *Plataforma* fomenta a colaboración entre artistas de diferentes disciplinas, o que favorece o cruce de públicos diversos e singulares conexións creativas.

Cunha importante representación feminina e unha decidida aposta polo talento galego, *Plataforma* reúne performances, concertos, danza, poesía, deseño e arte contemporánea en exposicións, accións e conversas capaces de ligar a protagonistas galegos con valores de grande recoñecemento internacional. En *Plataforma* haberá estreas absolutas de pezas de artistas, performances creadas especificamente para o festival, accións poético-musicais inéditas, estreas en España e en Galicia, e accións performativas coa colaboración de artistas locais.

*Plataforma* está en liña cos obxectivos que temos en Performa S. Coop. Galega, convencidos de que a cultura pode axudarnos a construír un mundo mellor. En Performa queremos conseguir que os creadores e creadoras poidan desenvolver os seus proxectos e por iso agradecemos a implicación e complicidade de artistas, persoal técnico e institucións públicas e privadas que fan posible esta segunda edición de *Plataforma. Festival de artes performativas.*

**David Barro, Mónica Maneiro e Iñaki Martínez Antelo**
Directores de *Plataforma.*
*Festival de artes performativas*

**cast.**

Por otra parte, el festival *Plataforma* fomenta la colaboración entre artistas de diferentes disciplinas, lo que favorece el cruce de públicos diversos e interesantes conexiones creativas.

Con una importante representación femenina y una decidida apuesta por el talento gallego, *Plataforma* reúne performances, conciertos, danza, poesía, diseño y arte contemporáneo en exposiciones, acciones y conversaciones capaces de ligar a protagonistas gallegos con valores de gran reconocimiento internacional. En *Plataforma* habrá estrenos absolutos de piezas de artistas, performances creadas específicamente para el festival, acciones poético-musicales inéditas, estrenos en España y en Galicia, y acciones performativas con la colaboración de artistas locales.

*Plataforma* está en línea con los objetivos que tenemos en Performa S. Coop. Galega, convencidos de que la cultura puede ayudarnos a construir un mundo mejor. En Performa queremos conseguir que los creadores y creadoras puedan desarrollar sus proyectos y por eso agradecemos la implicación y complicidad de artistas, personal técnico e instituciones públicas y privadas que hacen posible esta segunda edición de *Plataforma. Festival de artes performativas*.

**David Barro, Mónica Maneiro e Iñaki Martínez Antelo**
Directores de *Plataforma.*
*Festival de artes performativas*

TA FOR MA



MÉRCORES 26/05
**18.00_Museo das Peregrinacións e de Santiago**
Conversa *Deseño performativo*
con Verónica Moar e Álvaro Valiño
Modera: David Barro



# Deseño performativo

**gal.**
Apegada a interpretar a paisaxe como materia e como forma, Verónica Moar traballa a cerámica expandindo as súas posibilidades en campos como a escultura, a *performance* e a danza contemporánea. Tomando como punto de partida unha técnica depurada, o traballo manual, o respecto polo oficio e unha coidada selección do material, o seu traballo caracterízase polo matiz poético e narrativo, pero tamén por abrir vías á experimentación creativa dende o deseño e os procesos artesanais, que a levaron a un terreo híbrido e colaborativo con artistas plásticos como Christian García Bello, a *performer* Helena Salgueiro, poetas como Antía Otero ou coreógrafas como Rut Balbís. Algunhas das súas exposicións, como *Lítica*, condúcennos a unha paisaxe que se desintegra e distorsiona, que se desfigura e se restaura, onde o xeolóxico, o telúrico ou o sísmico adxectivan de maneira elocuente o seu traballo.

**cast.**
Apegada a interpretar el paisaje como materia y como forma, Verónica Moar trabaja la cerámica expandiendo sus posibilidades en campos como la escultura, la *performance* y la danza contemporánea. Tomando como punto de partida una técnica depurada, el trabajo manual, el respeto por el oficio y una cuidada selección del material, su trabajo se caracteriza por el matiz poético y narrativo, pero también por abrir vías a la experimentación creativa desde el diseño y los procesos artesanales, lo que la ha llevado a un terreno híbrido y colaborativo con artistas plásticos como Christian García Bello, la *performer* Helena Salgueiro, poetas como Antía Otero o coreógrafas como Rut Balbís. Algunas de sus exposiciones, como *Lítica,* nos conducen a un paisaje que se desintegra y distorsiona, que se desfigura y se restaura, donde lo geológico, lo telúrico o lo sísmico adjetivan de manera elocuente su trabajo.

**gal.**
Álvaro Valiño é infografista, ilustrador e deseñador gráfico. Tras comezar a súa actividade profesional en *La Voz de Galicia*, traballa de forma independente para clientes de todo o mundo como *National Geographic Magazine*, *Sciencie magazine*, *The Washington Post*, *The Guardian*, *El País*, *Corriere della Sera* ou a revista *Mongolia*, entre outros. Tamén foi xefe do departamento de infografía do xornal *Público*. Defensor dun discurso sintético, ao operar cos mínimos recursos gráficos para lograr unha efectiva expresividade, Álvaro Valiño parte dunha reflexión previa na que ten tanta importancia o que se omite como o que se destaca. Ademais da faceta informativa, o seu rango de actividade vai dende a expresión persoal lúdica ata o satírico, onde pon o deseño e a ilustración ao servizo da ironía para encarar a realidade de forma crítica. O seu traballo recibiu máis de 30 premios Malofiej, os máis prestixiosos galardóns de infografía.

**cast.**
Álvaro Valiño es infografista, ilustrador y diseñador gráfico. Tras comenzar su actividad profesional en *La Voz de Galicia*, trabaja de forma independiente para clientes de todo el mundo como *National Geographic Magazine*, *Sciencie magazine*, *The Washington Post*, *The Guardian*, *El País*, *Corriere della Sera* o la revista *Mongolia*, entre otros. También fue jefe del departamento de infografía del periódico *Público*. Defensor de un discurso sintético, al operar con los mínimos recursos gráficos para lograr una efectiva expresividad, Álvaro Valiño parte de una reflexión previa en la que tiene tanta importancia lo que se omite como lo que se destaca. Además de la faceta informativa, su rango de actividad va desde la expresión personal lúdica hasta lo satírico, donde pone al diseño y la ilustración al servicio de la ironía para encarar la realidad de forma crítica. Su trabajo ha recibido más de 30 premios Malofiej, los más prestigiosos galardones de infografía.

# Amaya González Reyes + Banda Municipal

## de Música de Santiago de Compostela



### MÉRCORES 26/05

**20.00_Praza do Obradoiro**
Amaya González Reyes +
Banda Municipal de Música
de Santiago de Compostela
Director: Casiano Mouriño
*Desfile entre tiempos*
*Performance* de inauguración
Encargo do festival

**gal.**

Facer un experimento coa Banda municipal de música de Santiago sen poder medir as consecuencias. Perderse (no) ensaio. Descoñecer o proceso. Soa unha trompeta. Alguén se move, algo sucede. Algo toca. Ondean bandeiras. Marchar. Marchar (se). Ir. Camiñar dun lugar a outro, ou ir, so coa música. Moverse. Mover(se). Seguir diferentes ritmos. Percorrer o espazo. Escoitar. Sentir. Cambiar de lugar, cambiar de sensación, cambiar de situación. Campás. Situacións mutantes, situacións cambiantes. Mirar arredor. Percorrer o espazo. Cruzar miradas, compartir tempo. Cruzar multitudes, delimitar percorridos. Compartir a escoita. Estar. Celebrar. Mudar(se). Revisitar o espazo. Cruzar a praza. Volver atrás sendo outro, desaparecer entre a multitude.



**cast.**

Hacer un experimento con la Banda municipal de música de Santiago sin poder medir las consecuencias. Perderse (en) el ensayo. Desconocer el proceso. Suena una trompeta. Alguien se mueve, algo sucede. Algo toca. Ondean banderas. Marchar. Marchar(se). Ir. Caminar de un lugar a otro, o ir, sólo con la música. Moverse. Mover(se). Seguir diferentes ritmos. Recorrer el espacio. Escuchar. Sentir. Cambiar de lugar, cambiar de sensación, cambiar de situación. Campanas. Situaciones mutantes, situaciones cambiantes. Mirar alrededor. Recorrer el espacio. Cruzar miradas, compartir tiempo. Cruzar multitudes, delimitar recorridos. Compartir la escucha. Estar. Celebrar. Mudar(se). Revisitar el espacio. Cruzar la plaza. Volver atrás siendo otro. Desaparecer entre la multitud.

# Carlos Garaicoa

07/05–09/06 2021
**Fundación DIDAC**
Exposición de Carlos Garaicoa
*Línea rota de horizonte*
MARTES-VENRES: 11.00–14.00 / 16.00–19.00
SÁBADO: previa cita

**gal.**
*Línea rota de horizonte* é unha exposición protagonizada por unha instalación de grandes dimensións que establece un diálogo coas estruturas da cidade e a súa relación coa natureza, en moitos casos maltratada e descoidada ou, como neste caso, mutilada. A instalación de carácter performativo complétase con outras obras do artista que poñen en relación a natureza e a cidade.

Preocupado polas estruturas lingüísticas, sociais e artísticas sobre as que se "constrúe" a propia sociedade, Carlos Garaicoa examina os elementos que conforman ou constrúen a nosa contorna. *Línea rota de horizonte* é un reflexo de todo iso e narra a relación da natureza co espazo urbano Carlos Garaicoa sinala como constantemente estamos a ver esta fragmentación da natureza que acompaña á cidade, convertendo os espazos verdes en pequenas tumbas ou cemiterios arborizados.

**cast.**
*Línea rota de horizonte* es una exposición protagonizada por una instalación de grandes dimensiones que establece un diálogo con las estructuras de la ciudad y su relación con la naturaleza, en muchos casos maltratada y descuidada o, como en este caso, mutilada. La instalación de carácter performativo se completa con otras obras del artista que poñen en relación la naturaleza y la ciudad.

Preocupado por las estructuras lingüísticas, sociales y artísticas sobre las que se "construye" la propia sociedad, Carlos Garaicoa examina los elementos que conforman o construyen nuestro entorno. *Línea rota de horizonte* es un reflejo de todo ello y narra la relación de la naturaleza con el espacio urbano. Carlos Garaicoa señala cómo constantemente estamos viendo esta fragmentación de la naturaleza que acompaña a la ciudad, convirtiendo los espacios verdes en pequeñas tumbas o cementerios arbolados.









XOVES 27/05
**18.30_Fundación DIDAC**
Mariana Tengner Barros
+ Jonny Kadaver + Mee K
*A floresta invisíbel*
*Performance*

# Mariana Tengner Barros

**gal.**
O bosque é o exemplo por excelencia da comunidade, interdependencia e cooperación entre todos os seus seres. Así, os bosques do mundo están sendo decimados polo mecanicismo do capitalismo técnico galopante. A vida comeza cunha árbore…

A *Floresta Invisível* ven a *Plataforma* cun equipo de tres elementos que misturan entre si a esencia das bruxas e dos ninjas e que irán abrir e revelar espazos de conciencia en diálogo coa instalación *Línea rota de horizonte* de Carlos Garaicoa e nalgúns lugares da cidade. Trátase de crear conexión, compartir saberes, e concienciar as persoas a través da arte, para a protección do bosque.

**cast.**
El bosque es el ejemplo por excelencia de la comunidad, interdependencia y cooperación entre todos sus seres. Así, los bosques del mundo están siendo diezmados por el mecanicismo del capitalismo técnico galopante. La vida comienza con un árbol…

La *Floresta Invisível* viene a *Plataforma* con un equipo de tres elementos que mezclan entre sí la esencia de las brujas y de los ninjas y que irán a abrir y revelar espacios de conciencia en diálogo con la instalación *Línea rota de horizonte* de Carlos Garaicoa y en algunos lugares de la ciudad. Se trata de crear conexiones, compartir saberes, y concienciar a las personas a través del arte, para la protección del bosque.

# Colectivo LAG

VENRES 28/05
**17.30_Parque de Belvís**
Colectivo LAG
*Pánico*
*Performance*
**Estrea absoluta**, encargo do festival

**gal.**
*Pánico* narra a historia dunha época na que a sobre-información da pandemia COVID-19 afectou á poboación provocando unha histeria xeneralizada, un sementar o pánico que a moitas e moitos conduciu cara unha reformulación do seu estilo de vida. Florecer como símbolo de prosperidade, tanto individual como colectiva. Florecer para sentirnos plenamente vivos e capaces de superar calquera adversidade.

**cast.**
*Pánico* narra la historia de una época en la que la sobreinformación de la pandemia COVID-19 afectó a la población provocando una histeria generalizada. Un sembrar el pánico que a muchas y muchos condujo hacia un replanteamiento de su estilo de vida. Florecer como símbolo de prosperidad tanto individual como colectiva. Florecer para sentirnos plenamente vivos y capaces de sobreponernos a cualquier adversidad.



# Janet Novás

**gal.**

*Where is Janet?* xurde desta e de moitas outras preguntas en relación a un corpo que está cansado da exposición que require o escénico. Unha necesidade de reformular a súa práctica relacionada co mundo dos afectos e a introspección, xogando cos límites do físico e o emocional.

Baixo esta "problemática" proponse inverter a mirada, poñela fóra e que o corpo se converta no observador da paisaxe. Propoñer lugares máis amables dende os que seguir investigando nos temas que lle interesan como a identidade, o enerxético ou o ritual. Xurde así unha obra que xira en torno ao tema da curación e os coidados. Unha necesidade de se achegar ao esencial, ao que nos mantén vivos a pesar de todo.

**cast.**

*Where is Janet?* surge de esta y de muchas otras preguntas en relación a un cuerpo que está cansado de la exposición que requiere lo escénico. Una necesidad de reformular su práctica relacionada con el mundo de los afectos y la introspección, jugando con los límites de lo físico y lo emocional.

Bajo esta "problemática" se propone invertir la mirada, ponerla afuera y que el cuerpo se convierta en el observador del paisaje. Plantear lugares más amables desde los que seguir investigando en los temas que le interesan como la identidad, lo energético o lo ritual. Surge así una obra que gira en torno al tema de la sanación y los cuidados. Una necesidad de acercarse a lo esencial, a lo que nos mantiene vivos a pesar de todo.

Foto: Manuel Rodríguez



**VENRES 28/05**
**19.30_CGAC, Salas de exposicións da planta baixa**
Janet Novás
*Where is Janet?*
**Estrea absoluta**, encargo do festival

**SÁBADO 29/05**
**19.30_CGAC, Salas de exposicións da planta baixa**
Janet Novás
*Where is Janet?*

Colaboran:







**SÁBADO 29/05**
**11.30_Igrexa da Universidade**
Félix Fernández
*Atravesar/Atravesado*
Conferencia performativa



# Félix Fernández

**gal.**

Percorre os espazos que lle serviron para realizar o seu traballo artístico, colocándoos nunha liña de tempo e observando as súas diferentes tipoloxías para ver cara onde o levaron, claves aparentemente azarosas que xorden das oportunidades vitais, onde o corpo se inscribe atopando un sentimento de pertenza en todos eles, vinculándose para construír un relato de amor, unha autobiografía atopada, unha auto-ficción sobreexposta, unha canción de berce, un baile marcial, un círculo máxico de conexión co que non se pode expresar con palabras, porque el é unha canle e hai cousas que se lle escapan.

**cast.**

Recorre los espacios que le han servido para realizar su trabajo artístico, colocándolos en una línea de tiempo y observando sus diferentes tipologías para ver hacia dónde lo han llevado, claves aparentemente azarosas que surgen de las oportunidades vitales, donde el cuerpo se inscribe encontrando un sentimiento de pertenencia en todos ellos, vinculándose para construir un relato de amor, una autobiografía encontrada, una autoficción sobreexpuesta, una canción de cuna, un baile marcial, un círculo mágico de conexión con lo que no se puede expresar con palabras, porque es un canal y hay cosas que se le escapan.



# Mónica Mura

**SÁBADO 29/05**
**13.00_Igrexa da da Universidade**
Mónica Mura
*Antenna Girl*
Conferencia performativa

**gal.**
*Antenna Girl*, #antennagirl nace dun soño no que unha nena quédase paralizada polo afán de captar toda a información lanzada pola rede. O seu corpo está inmóbil. Case non chisca. Non fala. Só emite sons fragmentados. Leva unha antena na cabeza. Vivimos nun mundo que nos empuxa á auto-exploración, onde a caducidade extrema do que creamos e divulgamos promove o exceso de produción e fainos vivir cunha ansiedade alimentada por un sentimento constante de culpa e frustración. En resposta a esta realidade impulsada polas novas tecnoloxías trazaremos un itinerario para entender e plasmar como nace, medra e se desenvolve unha nova forma de censura. Durante a conferencia abrirase a creación ao público convidándoo a participar na investigación da peza.

**cast.**
*Antenna Girl*, #antennagirl nace de un sueño en el que una niña se queda paralizada por el afán de captar toda la información lanzada por la red. Su cuerpo está inmóvil. Casi no parpadea. No habla. Solo emite sonidos fragmentados. Lleva una antena en la cabeza. Vivimos en un mundo que nos empuja a la auto-explotación, donde la caducidad extrema de lo que creamos y divulgamos promueve el exceso de producción y nos hace vivir con una ansiedad alimentada por un sentimiento constante de culpa y de frustración. En respuesta a esta realidad impulsada por las nuevas tecnologías trazaremos un itinerario para entender y plasmar como nace, crece y se desarrolla una nueva forma de censura. Durante la conferencia se abrirá la creación al público invitándolo a participar en la investigación de la pieza.

# Alba Cacheda

**gal.**
**Taller para familias (de 0 a 99 anos)**
Horario: 11.30–13.30
Prazas: 15 sen contar acompañantes.
Os menores de 8 anos deben asistir acompañados dun adulto.

Que paisaxes hai na nosa cidade? Hai árbores? Como están? Como nos gustaría que estivesen?

Inspirándonos na exposición *Línea rota de horizonte*, de Carlos Garaicoa, propoñemos un taller para familias, que comezará na fundación DIDAC, onde prepararemos unha acción colectiva que máis tarde se levará a cabo no exterior, a través dunha deriva urbana conxunta.

Prestaremos especial atención á natureza que emerxe na cidade, co obxectivo de desenvolver a empatía coa nosa contorna. A actividade contribuirá a transitar o camiño cara a sustentabilidade.

**cast.**
**Taller para familias (de 0 a 99 años)**
Horario: 11.30–13.30
Plazas: 15 sin contar acompañantes.
Los menores de 8 años deben asistir acompañados de un adulto.

¿Qué paisajes hay en nuestra ciudad? ¿Hay árboles? ¿Cómo están? ¿Cómo nos gustaría que estuvieran?

Inspirándonos en la exposición *Línea rota de horizonte*, de Carlos Garaicoa, proponemos un taller para familias, que comenzará en la fundación DIDAC, donde prepararemos una acción colectiva que más tarde se llevará a cabo en el exterior, a través de una deriva urbana conjunta.

Prestaremos especial atención a la naturaleza que emerge en la ciudad, con el objetivo de desarrollar la empatía con nuestro entorno. La actividad contribuirá a transitar el camino hacia la sostenibilidad.

**DOMINGO 30/05**
**11.30_Fundación DIDAC**
Taller para nenas/os
con Alba Cacheda
a propósito da exposición
*Línea rota de horizonte*
de Carlos Garaicoa





**DOMINGO 30/05**
**13.00_Parque de Belvís**
Lara Dopazo Ruibal
coa colaboración especial
de Adriana Páramo Pérez
*Tríptico*
Acción poética

# Lara Dopazo

**gal.**
Como descifrar o significado dunha escena que xa non existe?
Como establecer a fronteira entre o amor, o desexo e a morte?

Este *Tríptico* é un camiño no que a cada paso se formulan esas dúas preguntas e algunha outra ao redor da imposibilidade de descifrar o que xa pasou e non existe; a incapacidade de separar o amor, o desexo e a morte cando os tres conflúen no mesmo corpo, no mesmo momento e no mesmo lugar. Palabra e imaxe técense nunha escena que nunca máis volverá existir.

**cast.**
¿Cómo descifrar el significado de una escena que ya no existe?
¿Cómo establecer la frontera entre el amor, el deseo y la muerte?

Este *Tríptico* es un camino en el que a cada paso se formulan esas dos preguntas y alguna otra alrededor de la imposibilidad de descifrar lo que ya pasó y no existe; la incapacidad de separar el amor, el deseo y la muerte cuando los tres confluyen en el mismo cuerpo, en el mismo momento y en el mismo lugar. Palabra e imagen se tejen en una escena que nunca más volverá a existir.





# Estevo Creus

**DOMINGO 30/05**
**13.30_Parque de Belvís**
Estevo Creus
*Dicir o lugar/O lugar que non hai*
Acción poética

**gal.**
*Dicir o lugar/O lugar que non hai.*

Nin non deixar ver nin non ver deixar.

Acción poético sonora en formato *site-specific* na que se indaga sobre os procesos de percepción e de significación. O significado como parásito dunha palabra que (é) un obxecto de seu, un lugar habitable. (é) (é) (é). Dinámicas para a ocupación dun corpo que di.

E se todo é posible, por que falta?

**cast.**
*Dicir o lugar/O lugar que non hai.*

Ni no dejar ver ni no ver dejar.

Acción poético sonora en formato *site-specific* en la que se indaga sobre los procesos de percepción y de significación. El significado como parásito de una palabra que (es) un objeto en sí, un lugar habitable. (es) (es) (es). Dinámicas para la ocupación de un cuerpo que dice.

¿Y si todo es posible, por qué falta?









# Adriana Pazos Ottón

**DOMINGO 30/05**
**17.00_Parque de Belvís**
Taller para nenas/os con
Adriana Pazos Ottón
*Nós divisor, planos no espazo: xogando co espazo visible das distancias*



**gal.**
*Nós divisor, planos no espazo* é unha actividade performativa para nenos, nenas e familias. Quen pode participar? Nenas e nenos de entre 5 e 12 anos.

Prazas: 15 sen contar acompañantes. Os menores de 8 anos deben asistir acompañados dun adulto.

Ocuparemos o parque de Belvís interactuando coa súa contorna e traballaremos nunha montaxe que retoma as propostas da artista Lygia Pape, creando unha acción que une corpo, espazo, coreografía e plástica. Poñeremos en acción a *performance* convertida en xogo colaborativo e de equipo, ocupando o espazo a través dun dispositivo plástico que adaptaremos durante a actividade.

**cast.**
*Nós divisor, planos en el espacio* es una actividad performativa para niñas, niños y familias. ¿Quién puede participar? Niñas y niños de entre 5 y 12 años.

Plazas: 15 sin contar acompañantes. Los menores de 8 años deben asistir acompañados de un adulto.

Ocuparemos el parque de Belvís interactuando con sus alrededores y trabajaremos en un montaje que retoma las propuestas de la artista Lygia Pape, creando una acción que une cuerpo, espacio, coreografía y plástica. Pondremos en acción la *performance* convertida en juego colaborativo y de equipo, ocupando el espacio a través de un dispositivo plástico que adaptaremos durante la actividad.



# VACAburra

**DOMINGO 30/05**
**19.00_Teatro Principal**
Colectivo Vacaburra
*Metodoloxías carroñeras para corpos invertidos*
Peza escénica
**Estrea absoluta**

**gal.**
Conferencia-*Freak* en formato desbordado arredor da lectura escénica dos corpos sexuados. Bastardía disciplinar na busca de carroña metodolóxica e incoherencia corporal que xorde da necesidade de expandir e traducir á linguaxe escénica o proceso de investigación académica da tese doutoral: *Sexualidades Des-Xeneradas.*

*Metodoloxías Carroñeras* é un proxecto do colectivo VACAburra –ideado por Gena Baamonde acompañada por Andrea Quintana– no que conflúen dous corpos invertidos cunha longa traxectoria atravesada polo movemento, as artes escénicas e a investigación teórica.

**cast.**
